



Teaching Guide

Identifying Data				2016/17
Subject (*)	Técnicas de Investigación Social	Code	760G01020	
Study programme	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Second	Obligatoria	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinador	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	E-mail	gabriel.vazquez@udc.es	
Lecturers	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	E-mail	gabriel.vazquez@udc.es	
Web	https://campusvirtual.udc.es/moodle/			
General description	O obxectivo xeral desta materia é a capacitación dos e das estudantes para a realización de investigacións sociais empíricas dentro da área de coñecemento das Relacións Laborais e os Recursos Humanos. Dado o carácter eminentemente práctico da materia, para a que innegablemente tamén se require unha formación teórica de base en torno á metodoloxía e ás técnicas de investigación empregadas nas Ciencias Sociais, esta materia pretende, asemade, orientar aos e ás estudantes na realización da memoria fin de Grao da titulación en Relacións Laborais e Recursos Humanos.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A25	Aplicar as distintas técnicas de avaliación e auditoría sociolaboral.
A26	Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.
B9	Traballo en equipos.
B14	Aprendizaxe autónomo.
B15	Creatividade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results



- Coñecer o carácter científico da Socioloxía e saber os diferentes paradigmas e perspectivas na investigación social.	A18 A25 A26 A31 A35	B1 B2 B3 B4 B9 B14 B15	C1 C3 C6 C8
- Coñecer os pasos para a elaboración dun proxecto de investigación e se capaz de plantexar un proxecto de investigación nas áreas temáticas da titulación (relacións laborais, empresa, recursos humanos)	A18 A25 A26 A31 A35	B1 B2 B3 B4 B9 B14 B15	C1 C3 C6 C8
- Coñecer e manexar as principais fontes de información estatística sobre mercado laboral.	A18 A25 A26 A31 A35	B1 B2 B3 B4 B9 B14 B15	C1 C3 C6 C8
- Coñecer as principais técnicas de investigación social, tanto de carácter cualitativo como cuantitativo e saber empregalas nunha investigación.	A18 A25 A26 A31 A35	B1 B2 B3 B4 B9 B14 B15	C1 C3 C6 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
TEMA 1. PROCESO E DESEÑO DA INVESTIGACIÓN SOCIAL	O proxecto de investigación. Antecedentes e marco teórico: condicións e orixe do problema de investigación. Definición de obxectivos e hipóteses. Proposta metodolóxica e selección das técnicas de investigación. Unidades de observación e variables. Planificación das actividades
TEMA 2. FONTES ESTATÍSTICAS PARA O ESTUDIO DAS RELACIÓNS LABORAIS	Fontes estatísticas: definición e ámbitos de aplicación nas Ciencias Sociais. Elementos básicos da análise estatística da información. Presentación da información: táboas e gráficos. Introducción ás estatísticas laborais en España no marco da UE. As estatísticas de Afiliación á Seguridade Social e de Demandantes de Emprego. A Enquisa de Poboación Activa (EPA)
TEMA 3. TÉCNICAS CUANTITATIVAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL	Introducción ás principais técnicas cuantitativas de investigación social. Fundamentos de estatística descritiva. A enquisa. Principais aspectos do deseño mostral. A elaboración dos cuestionarios
TEMA 4. TÉCNICAS CUALITATIVAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL	A mirada cualitativa en Socioloxía. Introducción ás principais técnicas cualitativas de investigación social. A entrevista en profundidade. O grupo de discusión. A observación participante. A análise da información cualitativa: enfoques e procedementos

Planning



Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A18 A26 B2 B14 C6	5	5	10
Workbook	B3 B4 C3	2	16	18
Document analysis	A18 B3 B4 B9 C3	3	12	15
Collaborative learning	B3 B9 B15 C8 C6	5	10	15
Workshop	A18 A25 A26 A31 B1 B2 B3 B4 B9 B15 C3 C6 C8	13	17	30
Supervised projects	A18 A26 A31 B1 B2 B3 B4 B9 B15 C1 C3 C6	5	15	20
Research (Research project)	A25 A31 A35 B1 B15 C8	10	20	30
Oral presentation	A18 A31 B2 B3 B4 B14 B15 C3 C1	2	8	10
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	A sesión maxistral consiste na explicación do temario da materia durante a aula. É preciso a asistencia ás clases para ter un seguimento continuo das tarefas encomendadas.
Workbook	Os temas abordados nas sesións expositivas serán complementados cuns textos de lectura obrigatoria para os e as estudantes.
Document analysis	As fontes de información son básicamente documentais, tipo informes, estatísticas, artigos, bibliografía, etc. Resulta necesario o seu manexo para coñecer o ámbito de estudo, así como para construír o marco teórico do traballo a realizar
Collaborative learning	A metodoloxía docente sobre a que se basa a materia pretende desenvolver a aprendizaxe colaborativa, xa que se evidencia -a través do que se coñece como intelixencia social-como mellor que o autónomo
Workshop	A materia, os seus contidos e a súa aplicación práctica artéllase mediante un obradoiro, de maneira que a aula sexa un lugar de traballo, tratando así de experimentar e acostumar ao alumnado á mecánica e xeito de facer na vida laboral, tanto en canto a presenza, horarios, reparto de tarefas, cronogramas, responsabilidade, resultado final, etc.
Supervised projects	Ben sexa indivual ou colectivamente, o traballo final exisido na materia debe ir cumprindo unha serie de etapas e contidos. Todo elo conleva a necesaria titorización de dito traballo, tanto para resolver calquer tipo de dúbida como para ter unha supervisión axeitada do mesmo.
Research (Research project)	O traballo final da materia consiste na realización dun anteprojecto de investigación, enfocado nunha temática en concreto e desenvolvendo todos os seus apartados.
Oral presentation	Outra faceta a desenvolver dentro da planificación da materia é que o alumnado se acostume a falar en público e, máis concretamente, a presentar os informes técnicos resultantes do seu traballo.

Personalized attention	
Methodologies	Description



<p>Supervised projects Research (Research project) Oral presentation</p>	<p>Requerirásese a asistencia a titorías, previa petición de cita por correo electrónico (gabriel.vazquez@udc.es) por parte dos e das estudantes nas seguintes ocasións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de dúbidas e tratamento individualización dos problemas que xurdan a cada estudante na redacción do anteproxecto de investigación que se realizará nas sesións interactivas da materia. - Consulta de dúbidas sobre calquera aspecto da materia. - Revisión das cualificacións do anteproxecto de investigación, o exame e a cualificación global da materia. <p>O profesor responsable tentará na medida do posible colgar a información pertinente da asignatura no Campus Virtual para facilitar así o seguimento da mesma. Tamén contestará a preguntas e dúbidas realizadas por correo electrónico.</p> <p>Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Na primeira e segunda oportunidade os criterios de avaliación rexiranse dacordo a realización dunha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.</p>
--	---

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Workshop	A18 A25 A26 A31 B1 B2 B3 B4 B9 B15 C3 C6 C8	A colaboración e o traballo en equipo son habilidades e méritos a ter en conta, de cara a unha mellor integración e contribución en futuros postos profesionais, que son principalmente en colectivos, tipo empresas, gabinetes, organismos, institucións, oficinas, etc. De aí que se teña en conta o desenvolvemento, interese, participación e convivencia cos compañeiros por parte do alumnado.	30
Supervised projects	A18 A26 A31 B1 B2 B3 B4 B9 B15 C1 C3 C6	De cara ao proxecto a investigación final, establécense unha serie de fases ou etapas de traballos titelados, que deberán informarse ao profesor e entregarse dacordo ao calendario establecido a este efecto. Estas fases e/ou partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións. As entregas periódicas das diferentes fases e partes do traballo de investigación terán carácter obrigatorio e serán tidas en conta á hora de avaliar o seguimento e cumprimento de ditos prazos de entrega.	20



Research (Research project)	A25 A31 A35 B1 B15 C8	<p>Consiste na redacción dun anteprojecto de investigación nunha temática relacionada con algún aspecto abordado na titulación e cunha orientación dirixida a facilitar a posterior realización da memoria fin de Grao.</p> <p>O alumnado, de forma individual ou colectiva, realizará o traballo/proxecto de carácter teórico práctico, no que se prestará especial atención ás funcións e efectos do emprego e os recursos humanos.</p> <p>Este traballo estará dirixido ou titulado polo profesor.</p> <p>O alumnado deberá recoller no mesmo os coñecementos aprendidos, a información secundaria recabada, así como outra de carácter primario que sirva para o propósito da investigación a realizar.</p> <p>Este traballo é a proba ou contido principal da avaliación da asignatura e nel deberase reflectir os coñecementos impartidos nas sesións maxistras, das lecturas así como da investigación propia (información primaria ou parte empírica) levada a cabo sobre o tema acordado co profesor e do que se deben facer entregas periódicas das súas diferentes partes (proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións), tal e como se recolle no apartado dos traballos titulados.</p>	40
Oral presentation	A18 A31 B2 B3 B4 B14 B15 C3 C1	<p>Aínda que se trate de levar a cabo traballos de carácter colectivo ou integrados dentro dun entorno social determinado, tamén é necesario que o alumnado tome conciencia da súa contribución ao mesmo e saiba reivindicalo e expoñelo. De aí que se avalíe a presentación ao resto da clase dos respectivos traballos e/ou aportacións por parte do alumnado, de xeito individual.</p>	10

Assessment comments



Esta materia está plantexada para ser cursada presencial e participativamente, xa que a súa avaliación na convocatoria ordinaria pretende ser o máis integral posible (coñecementos teóricos adquiridos, traballo práctico ou habilidade técnica, interese, actitude, etc.). De aí que a asistencia e a participación sexan tidas en conta á hora da avaliación.

A non asistencia ao 80% de las clases supón automáticamente que non se pode avaliar mediante este proceso e metodoloxía de claro carácter continuo, pasando por tanto a opción da avaliación mediante a proba ou probas obxectivas contempladas no calendario académico correspondente. Nos casos de realización de prácticas ou outras causas debidamente xustificadas, a porcentaxe necesaria de asistencia para poder ser avaliado mediante o sistema exposto nesta guía docente poderá ser do 60%, sempre e cando se acorde co profesor un seguimento ou calquer outra forma para suplir as ausencias.

A avaliación baséase sobre todo na elaboración dun traballo teórico-práctico; sendo a asistencia, o interese, a participación, as valoracións propia e dos demais compeñeiros e a exposición oral pública os outros pilares para a avaliación da asignatura.

O traballo poderá ser individual ou colectivo, ponderándose a avaliación en base ao número de autores. Se ben se postula como fórmula ou indicación preferente a realización do traballo de maneira colectiva, en formato obradoiro e nas horas lectivas.

Entenderase por avaliación suficiente para superar a asignatura na súa primeira convocatoria ordinaria obter un 50% entre as metodoloxías descritas.

Esta avaliación é específica para a primeira convocatoria ordinaria da asignatura, é dicir, aquela constituída por unha avaliación continua.

Para o resto de convocatorias haberá unha proba escrita ou examen, no que, ademáis dos contidos teóricos explicitados nesta guía e con base na bibliografía tamén exposta, se inclúe un sopo de carácter práctico.

O traballo participativo so será válido para a primeira convocatoria e a súa correspondente avaliación continua.

Para o resto de convocatorias que non sexan á primeira ordinaria, non se gardan puntuacións nin traballos ou probas anteriores.

Básicamente, e para dicilo dun xeito sinxelo, trátase de ensinar e aprender esta materia cun plantexamento parecido ou imitando aos lugares de traballo sociolóxico, de maneira que o alumnado desenvolva capacidades de autoxestión e se familiarice con estes procesos, de cara a súa mellor integración e desenvolvemento no mercado laboral. De aí tamén que a figura do profesor se centre máis na orientación, guía, supervisión, corrección e estímulo durante as xornadas de traballo en clase.



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - IBÁÑEZ, J. (2003). Cómo se realiza una investigación mediante grupo de discusión, páxs. 283-297 en GARCÍA FERRANDO, M. et alia, El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación.. Madrid. Alianza - AZOFRA, M.J. (1999). Cuestionarios. Madrid. CIS - BERICAT, E. (1998). La integración de los métodos cuantitativo y cualitativo en la investigación social (PÁXS. 103-146). Barcelona. Ariel - CEA D'ANCONA, M.A. (1996). Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social (PÁXS. 220-237). Madrid. Síntesis - CEA D'ANCONA, M.A. (1996). Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social (PÁXS. 239-291). Madrid. Síntesis - CEA D'ANCONA, M. (1996). Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social (PÁXS. 81-122). Madrid. Síntesis - DUVERGER, M. (1996). Métodos de las ciencias sociales (PÁXS. 17-56). Barcelona. Ariel - GARCÍA FERRANDO, M. (1997). Socioestadística. Introducción a la estadística en Sociología (PÁXS. 45-83). Madrid. Alianza - MIGUEL, A. DE (1997). Manual del perfecto sociólogo (PÁXS. 59-91). Madrid. Espasa - PONS, I. (1993). Programación de la investigación social (PÁXS. 27-54). Madrid. CIS - TAYLOR, S.J. e BOGDAN, P. (1996). Introducción a los métodos cualitativos de investigación (PÁXS. 100-132). Barcelona. Paidós - SIERRA BRAVO, R. (1994). Técnicas de investigación social. Teoría y ejercicios (PÁXS. 41-95). Madrid. Paraninfo - VALLÉS, M.S. (2003). Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica (PÁXS. 339-401). Madrid. Síntesis
<p>Complementary</p>	<p>ANDER-EGG, E. (1995), Técnicas de investigación social. Buenos Aires: Lumen. AZOFRA, M.J. (1999), Cuestionarios. Madrid: CIS. BERICAT, E. (1998), La integración de los métodos cuantitativo y cualitativo en la investigación social. Barcelona: Ariel. CEA D'ANCONA, M.A. (1996), Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social. Madrid: Síntesis. CORBETTA, P. (2007), Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill. DELGADO, J.M. e GUTIÉRREZ, J. (1994), Métodos y técnicas de investigación en Ciencias Sociales. Madrid: Síntesis. DUVERGER, M. (1996), Métodos de las ciencias sociales. Barcelona: Ariel. FESTINGER, L. e KATZ, D. (1992, comps.), Los métodos de investigación en las ciencias sociales. Barcelona: Paidós. GARCÍA FERRANDO, M. (1997), Socioestadística. Introducción a la estadística en Sociología. Madrid: Alianza. GARCÍA FERRANDO, M.; IBÁÑEZ, J. e ALVIRA, F. (2000), El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza. KÖNING, R. (1973), Tratado de Sociología empírica. Madrid: Tecnos. MAYNTZ, R. (1988), Introducción a los métodos de la Sociología. Madrid: Alianza. MIGUEL, A. DE (1997), Manual del perfecto sociólogo. Madrid: Espasa. MILLS, C.W. (1987), La imaginación sociológica. México: Fondo de Cultura Económica. PONS, I. (1993), Programación de la investigación social. Madrid: CIS. SELTZ, C.; WRIGHTSMAN, L.S. e COOK, S.W. (1980), Métodos de investigación en las relaciones sociales. Madrid: Rialp. SIERRA BRAVO, R. (1976), Técnicas de investigación social. Ejercicios y problemas. Madrid: Paraninfo. TAYLOR, S.J. e BOGDAN, R. (1996), Introducción a los métodos cualitativos de investigación. Barcelona: Paidós. VALLÉS, M.S. (2003), Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid: Síntesis.</p>

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Socioloxía do Traballo/760G01017
Estatística Descritiva/760G01018

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Informática Aplicada/760G01041

Subjects that continue the syllabus

Traballo Fin de Grao/760G01034

Other comments



(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.